



## Concello de Boiro

### ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE ORIENTADOR/A LABORAL (PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2020-2021) E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

Transcríbese a continuación a acta do tribunal onde constan as puntuacións definitivas e proposta de bolsa de emprego do proceso selectivo:

**“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE ORIENTADOR/A LABORAL (PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2020-2021) E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO**

**SESIÓN DO 05/01/2021**

#### Asistentes:

Presidente:  
Martín Blanco Buceta

Vocais:  
M<sup>a</sup> Belén Ordóñez Martínez  
Margarita Sampedro Mariño  
Benigno Piñeiro Sobrido

Secretaria:  
María Mariño Poza

Na Casa Consistorial do Concello de Boiro cando son as 10:00 horas do 05/01/2021, reúnen os membros do tribunal designado para a provisión, en réxime laboral temporal, dunha praza de orientador/a laboral (Programa Integrado de Emprego 2020-2021) e formación dunha bolsa de emprego.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por Resolución de Alcaldía número 2020-1033, de 3 de decembro de 2020.

O obxectivo nesta sesión é o estudo e resolución das alegacións presentadas e a realización de proposta de contratación e de bolsa de emprego.

#### 1.- Alegacións presentadas.

1.1.- **Ana M<sup>a</sup> A.R.** presenta as seguintes alegacións:

a) Que se valore como mérito a experiencia profesional de AEDL dende o 29/12/2010 ó 28/12/2014 (48 meses).

Revisada a documentación aportada pola candidata xunto coa instancia de solicitude, apreciase que no certificado expedido por D. Guillermo José Fernández López, secretario da Mancomunidade de municipios “Ría de Arousa Norte”, consta como unha das principais funcións desempeñadas como axente de emprego e desenvolvemento local o “Asesoramento a persoas desempregadas. Orientación laboral: diagnóstico personalizado do usuario, acompañamento na elaboración do currículo, orientación na busca de emprego en medios dixitais, preparación de entrevistas de traballo.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 62NC6CTM64KE423YQXUJFLRNG | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



## Concello de Boiro

---

*Organización de cursos formativos para mellorar a súa empregabilidade: cursos de hostalería, de atención a persoas dependentes, aproveitamentos forestais, curso de traballos forestais e de conservación do medio natural.*

*Intermediación laboral. Entre os perfís demandados polos empresarios e os currículos dos usuarios da axencia.”*

Á vista do certificado aportado así como do contrato de traballo e informe de vida laboral, o tribunal, por unanimidade, acorda valorar este tempo de traballo (48 meses) como experiencia profesional por desempeñar as tarefas e funcións de orientadora laboral.

b) Que se valore a experiencia laboral como Técnica de Emprego Inclusivo na Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional da comarca do Barbanza. Período de contrato: 24/10/2018 ao 23/10/2019, alegando que no SPEG insertaron este contrato dentro da ocupación “Orientadores profesionais para a inserción”.

Unha vez consultados os códigos de ocupacións, o código de ocupación correspondente ó posto de Orientador laboral sería o de 2624 “Especialistas en políticas y servicios de personal y afines”. Asemade, esta candidata, a diferenza do solicitado na alegación anterior, non presenta documentación que acredite a realización de tarefas e/ou funcións de orientadora laboral.

O tribunal acorda por unanimidade desestimar esta alegación debido a que non queda debidamente acreditado que estivese a desempeñar funcións de orientadora laboral.

c) O Servicio Público de Emprego valida a súa candidatura en postos de orientadora laboral ou orientadora profesional para o emprego. Non se pon en dúbida a súa candidatura para este posto, de feito foi admitida no proceso selectivo, outra cousa é que toda a experiencia profesional que presenta como mérito se poida valorar segundo as bases de selección que rexen este proceso selectivo.

d) Pregunta 13 proba tipo test: efectivamente existe un erro na plantilla de corrección, a resposta correcta é a D, polo que procede o seu cambio e nova corrección.

Esta aspirante solicita, entre outros, unha copia do exame realizado para poder revisar as notas. O tribunal acorda citar a esta candidata para o vindeiro 08/01/2021 ás 09:00 horas no departamento de persoal do concello de Boiro para facilitarlle o acceso ó expediente.

1.2.- **Marta C.M.** presenta alegacións ás preguntas número 22 e 46 da proba tipo test.

Pregunta 22: Segundo a alegación presentada, “o tribunal sinala a opción correcta como boa, pero o contido da mesma non é correcto, o que pode levar a dúbidas no seu conxunto. En concreto, o “Scrib” non é unha plataforma para compartir fotografías senón que se trata dunha plataforma de libros, unha biblioteca dixital”.

Unha vez revisada a pregunta, efectivamente existe un erro na plantilla de corrección, xa que a resposta correcta é a resposta C “D-volver Maker:Para crear e compartir cómics animados e TimeRime:Para crear e compartir liñas de tempo”, polo que procede o seu cambio e nova corrección.

Pregunta 46: Segundo a alegación presentada o “Tribunal da por boa a opción C pero entendo que esta opción se refire á demanda e non á oferta, que é o que se pregunta no enunciado”

Unha vez analizado o enunciado da pregunta 46 compróbase que en vez de dicir “A oferta de traballo realízana:” debería dicir “ A oferta de traballo está formada por”, polo que procede anular a pregunta e incluír a primeira pregunta de reserva.

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 62NC6CTM64KE423YQXUJFLTNG | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



## Concello de Boiro

1.3.- **Natalia C.F.** presenta alegacións á fase de concurso para que se lle valore a súa experiencia laboral como graduado social dende o 22/04/1999 ata a actualidade, xa que leva “*exercendo como Orientadora Laboral a través da miña sociedade máis de vintedous anos, axudando a máis de 100 empresas a darse de alta como autónomos ou sociedades e acompañándoas no seu desenvolvemento profesional ao longo de todo este tempo*”.

No informe de vida laboral aportado aparecen como actividades desempeñadas como autónoma “74120 Actividades de contabilidade” e de “6629 Outras actividades auxiliares a seguros”, polo que non queda acreditado que desempeñase labores de orientadora laboral. Asemade na escritura da SL aportada, consta que “*La sociedad tiene por objeto la asesoría laboral, fiscal, contable*”.

O tribunal, acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada por non quedar debidamente acreditada a experiencia profesional como orientadora laboral por conta propia.

1.4.- **Noela C.C.** presenta alegacións á pregunta 13 da proba tipo test. Procede estimar a alegación, xa que efectivamente existe un erro na plantilla de corrección, a resposta correcta é a D, polo que procede o seu cambio e nova corrección.

1.5.- **Olga O.C.** presenta alegacións relativas á fase de valoración de méritos, aportando novamente un nomeamento como persoal funcionario interino na Xunta de Galicia para o posto “base A2” no centro de destino oficina de Emprego de Cee para a realización do Programa extraordinario de activación para o emprego dende o 07/12/2015 ata o 30/11/2018.

No artigo 1.2 do Real Decreto-lei 16/2014, de 19 de decembro, polo que se regula o Programa de Activación para o Emprego, establece “*El programa comprende políticas activas de empleo, actuaciones de intermediación laboral, gestionadas por los Servicios Públicos de Empleo con la finalidad de incrementar las oportunidades de retorno al mercado de trabajo, y una ayuda económica de acompañamiento gestionada por el Servicio Público de Empleo Estatal y vinculada a la participación en las mencionadas políticas de activación para el empleo*”.

O posto que acredita desempeñar é de posto base A2, en ningún documento presentado consta que Olga Oliveira Cambeses realizase tarefas relativas á orientación laboral, polo que o tribunal, por unanimidade, acorda a desestimación das alegacións presentadas.

### 2.- Planilla de corrección proba tipo test corrixida:

Derivado das alegacións presentadas e estimadas, o tribunal, por unanimidade acorda corrixir as incidencias das seguintes preguntas como se detalla:

Corrección pregunta 13: resposta correcta D

Corrección pregunta 22: resposta correcta a C

Pregunta 46 anúlase, polo que se inclúe a 1ª reserva

Nº	Resposta A	Resposta B	Resposta C	Resposta D	Nº	Resposta A	Resposta B	Resposta C	Resposta D
1		X			28				X
2			X		29			X	
3		X			30				X
4				X	31	X			
5		X			32		X		

## Concello de Boiro





## Concello de Boiro

6		X			33	X			
7		X			34				X
8			X		35	X			
9		X			36		X		
10	X				37	X			
11	X				38	X			
12		X			39				X
13				X	40	X			
14	X				41				X
15		X			42				X
16	X				43	X			
17		X			44	X			
18	X				45			X	
19			X		46	ANULADA			
20	X				47				X
21				X	48		X		
22			X		49	X			
23				X	50				X
24		X			51	X			
25			X		52				X
26				X	53	X			
27			X		54				X

### 3.- Puntuacións finais:

Logo de volver a corrixir a proba tipo test, e de incluír a experiencia profesional á candidata Ana M<sup>a</sup> A.R., o tribunal, por unanimidade, acorda outorga-las seguintes puntuacións:

Nº	NOME	PUNTOS TEST	PUNTOS 2º EXERCICIO	PUNTOS MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
1	AINARA E	6	5	0	11
2	ANA MARI	7,8	7	5	19,8
3	ASUNCION	7	7	5	19

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 62NC6CTM64KE423YQXUJFLTNG | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



## Concello de Boiro

4	CESAR CO	7,4	8	0,4	15,8
5	CRISTINA	7	9	5	21
6	CRISTINA	6,2	7,5	1,6	15,3
7	EVA MARI	5	5	0	10
8	FRANCISC	5,8	5	0	10,8
9	JOSE MAN	7,6	7,5	5	20,1
10	MARIA DE	6,6	6,5	0	13,1
11	MARTA CA	6,4	5	0	11,4
12	NATALIA	8,2	6,5	0	14,7
13	NOELA CE	7,2	5,5	0	12,7
14	OLGA OLI	5,4	5,5	0	10,9
15	PAULA MA	8,4	8	0	16,4
16	SANDRA L	7	7	0	14
17	SILVANA	7,2	5,5	0	12,7
18	SONIA TA	6	7	0	13

#### 4.- Proposta de bolsa de emprego.

Sumadas as puntuacións acadadas polas 18 persoas candidatas que superaron a fase de oposición, e unha vez ordeadas as puntuacións totais por orde decrecente, a bolsa de emprego proposta queda configurada do seguinte xeito:

Nº	NOME	DNI	TOTAL PUNTOS
1	CRISTINA	34266	21
2	JOSE MAN	33992	20,1
3	ANA MARI	44842	19,8
4	ASUNCION	78789	19
5	PAULA MA	76779	16,4
6	CESAR CO	45861	15,8
7	CRISTINA	47375	15,3
8	NATALIA	76965	14,7
9	SANDRA L	76732	14
10	MARIA DE	11402	13,1
11	SONIA TA	35601	13

## Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 62NC6CTM64KE423YQXUJLRTNG | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



## Concello de Boiro

---

12	NOELA CE	78803	12,7
13	SILVANA	53482	12,7
14	MARTA CA	44817	11,4
15	AINARA E	49070	11
16	OLGA OLI	33244	10,9
17	FRANCISC	52457	10,8
18	EVA MARI	44844	10

E non sendo máis os asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión cando son as 13:25 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE  
MARÍA MARIÑO POZA. SECRETARIA DO TRIBUNAL.

